




**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 28/10/2021 16:27:53  
**SAIDA 16770/21**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 133/2021**  
Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 13 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Santiago de Compostela, de acceso a diversa documentación solicitada entre o 26 de marzo e 23 de xullo de 2021, relacionada coa venda ambulante no dito Concello, así como ao informe de la comisión asesora de Cidade Histórica del 3 de novembro de 2020.

O escrito viña acompañado de copia das súas solicitudes presentadas e de copia do DNI do reclamante.

O interesado en síntese, expón que non recibiu resposta nin comunicación algunha por parte do Concello.

**Segundo.** Con data do 14 de setembro de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de setembro de 2021, sen que polo Concello se remitise copia do expediente e o informe solicitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do

mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o Concello de Santiago de Compostela non ditou resolución expresa sobre as solicitudes presentadas, procede admitir a reclamación contra a desestimación da mesma, por ter transcorrido o prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado presentou distintas solicitudes ao Concello de Santiago de Compostela, das que se debe analizar cales se poden considerar solicitudes de acceso á información por entrar dentro da definición das mesmas, e cales non o son, por tratarse de solicitudes ao Concello para que realice determinadas actuacións ou emita informes ou documentos a petición do interesado.

De acordo coa definición dada polos artigos 13 da Lei 19/2013 e 24 da Lei 1/2016 citados, pode considerarse que son solicitudes de acceso á información as seguintes, por tratarse de información ou documentación adquirida ou elaborada polo Concello no exercicio das súas funcións:

- Solicitud de copia íntegra do expediente de permisos de venda ambulante do 26/3/2021.
- Solicitud de que se lle comunique por escrito a denegación acceso expedientes venta ambulante do 8 de abril, que debe entenderse que é unha reiteración da anterior. "
- Queixa por non contestación a varias solicitudes, de 14 de maio de 2021, que ao igual que a anterior, debe entenderse que é unha reiteración da solicitud inicial.
- Acceso ao informe técnico, proposta técnica ou o expediente das bases de convocatoria de novas autorizacións de venda ambulante do 31 de maio de 2021. "
- Solicitud de acceso a 14 expedientes de licencias de postos de venda ambulante do 31 de maio de 2021.
- Solicitud do 16 de xuño de 2021, de copia do informe de la comisión asesora de Cidade Histórica del 3 de noviembre de 2020"

Non pode considerarse solicitud de acceso á información:

- Solicitud de aclaración sobre dous puntos de las bases reguladoras para autorizacións venda ambulante presentada o 31 de maio de 2021. "
- Escrito de 10 de xuño de 2021, no que solicita aclaracións sobre os criterios para obter puntos en determinados epígrafes das bases reguladoras da adxudicación de licencias de venda ambulante.

- Escrito do 2 de xullo de 2021, no que solicita o cumprimento das condicións de venda ambulante e o recorrido que terán as denuncias presentadas.
- Escrito de 20 de xullo de 2021, de que se regulen as licencias de venda ambulante
- Escrito de 23 de xullo de solicitude de ampliación do catálogo de produtos para la venda ambulante
- Escrito do 23 de xullo de 2021, de solicitude para que desde el Concello se regule e organice a venda ambulante.

Estas peticións non se pode considerar solicitudes de acceso á información pública, dado que se trata de solicitudes de aclaración de determinada regulación ou solicitudes de que o Concello realice determinadas actuacións.

A sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017 (a Sentencia nº 60/2016, ditada polo xulgado Central do contencioso-Administrativo nº 6 de Madrid do 25 de abril de 2016 que di que o artigo 13 da citada Lei recoñece o dereito dos cidadáns ao acceso á información, pero á información que existe e que está xa dispoñible, o que é distinto, de recoñecer o dereito a que a Administración produza, aínda que sexa con medios propios, información que antes non tiña o de que realice determinadas actuacións a solicitude dun cidadá.

O dereito de acceso á información non inclúe o dereito a que as entidades públicas aproben unha norma que regule unha determinada materia ou a modifiquen, obriguen ao cumprimento da mesma, ou emitan un informe de aclaración dunha norma que regula neste caso as licencias de venda ambulante, sen prexuízo de que esas solicitudes deban ter resposta de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

O acceso a copia íntegra do expediente de permisos de venda ambulante, ao informe técnico, proposta técnica ou o expediente das bases de convocatoria de novas autorizacións de venda, aos expedientes de licencias de postos de venda ambulante e ao informe de la comisión asesora de Cidade Histórica, debe entenderse que se trata de información pública de acordo co establecido nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a achega do seu criterio respecto da solicitude de acceso á información, mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

A Comisión non ten información sobre o contido concreto da información solicitada, pero ao tratarse de información pública, por ser elaborada ou adquirida no exercicio das súas funcións, debe o Concello resolver expresamente sobre o acceso, examinando previamente si a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes

ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei). Respecto da información solicitada, cuxo acceso poida afectar a dereitos ou intereses de terceiras persoas interesadas, debe abrirse o correspondente trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 1/2016, e unha vez finalizado o mesmo, facer unha ponderación para determinar si debe primar o interese público na difusión da información, ou a protección dos intereses privados das persoas interesadas, resolvendo o que corresponda.

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse ao Concello de Santiago de Compostela que, consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse ao Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obrigaón de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar parcialmente no senso indicado no fundamento xurídico quinto, a reclamación presentada por [REDACTED] con data 13 de setembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante o Concello de Santiago de Compostela, de acceso a diversa documentación solicitada entre o 26 de marzo e 23 de xullo de 2021, relacionada coa venda ambulante no dito Concello, así como ao informe de la comisión asesora de Cidade Histórica del 3 de novembro de 2020.

**Segundo:** Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición proporcionando a información solicitada de forma completa, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2021.10.28 12:30:48 +02'00'

Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**